

O presidente do Parlamento apunta que “grazas ao compromiso de todos” foi posible preservar a sanidade pública, “entre as mellores de Europa e do mundo”

- **Clausurou este mediodía en Santiago a Asemblea de Socios da Federación Española de Hemofilia**
- **Anima a desdramatizar a hemofilia, porque unha persoa ben diagnosticada e tratada pode levar unha vida practicamente normal**

Santiago, 29 de maio de 2016.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, afirmou este mediodía, na clausura da Asemblea de Socios da Federación Española de Hemofilia, que malia a crise económica dos últimos anos, “grazas ao compromiso de todos – en primeiro lugar o dos excelentes profesionais que integran o Sistema Nacional de Saúde, pero tamén dos pacientes que souberon asumir reaxustes imprescindibles- fomos capaces de preservar un modelo que continúa entre os mellores de Europa e, por suposto, entre os primeiros do mundo desenvolvido”.

Nesta liña, argumentou que “se entre todos fomos capaces de edificar un sistema sanitario público, de acceso universal e gratuito, entre todos debemos facer o posible por preservalo e melloralo”. Para acadar este obxectivo, a xuízo de Santalices, os responsables públicos “estamos obrigados a traballar máis e mellor, e os usuarios a facer un uso racional dos recursos dispoñibles”.

Na súa intervención, o presidente do Parlamento valorou a achega do XXIII Simposio Médico Social e a XLV Asemblea Nacional de Hemofilia celebrados esta fin de semana en Santiago, porque actividades deste tipo –dixo- permiten intercambiar experiencias e información científica e constitúen unha experiencia enriquecedora para os enfermos de hemofilia e as súas familia.

Desdramatizar a hemofilia

Con todo, Santalices recordou que, na actualidade “a hemofilia xa non reviste o dramatismo do pasado”. Apuntou, nesta liña, que unha persoa hemofílica correctamente diagnosticada, co tratamento axeitado e o adestramento necesario para o seu autotratamento “pode levar unha vida practicamente normal”.

“E confiamos en que –agregou- grazas ás investigacións en marcha, as expectativas melloren aínda máis nos próximos anos ata o punto de converter esta doenza nun cadro crónico que non limite nin a calidade nin as expectativas de vida de quen a padece”.

Saúdos,
Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.